

Estimadas familias:

Desde o Club Compañía de María queremos comunicarvos as decisións que tomamos sobre a uniformidade dos nosos alumnos.

A uniformidade é moi importante para intensificar o sentimento de pertenza ao Club, fai que nos identifiquemos e que nos identifiquen co noso colexio e coas nosas cores.

Asinamos un contrato con AMURA, empresa téxtil de recoñecido prestixio e ampla experiencia e provedores de múltiples clubs e de equipos olímpicos.

Neste curso que se inicia a renovación dos equipamentos deportivos é un dos nosos obxectivos e para iso contamos coa colaboración de ABECONSA, empresa coa que asinamos un contrato de patrocinio.

Pedímosvos paciencia pois a RENOVACIÓN irase facendo de forma paulatina.

Dentro do noso obxectivo de uniformar aos nosos deportistas creemos que é imprescindible que conten cun chándal común a todos os deportes. Este chándal será obrigatorio para todos aqueles alumnos desde 1º da ESO en diante que participen en competicións federadas e poderá adquirirse na tenda online que abriremos proximamente en colaboración con AMURA.

Para os alumnos de Patinaxe e Ximnasia Rítmica eliximos unha chaqueta que se adapta mellor ás súas necesidades.

Os alumnos de cursos inferiores a 1º da ESO utilizarán como uniformidade o chándal do colexio.

En próximos días informaremosvos na nosa páxina web con mais detalle das condicións da tenda online, de prezos, e condicións de entrega.

Achegámosvos deseño do modelo que eliximos esperando que sexa do agrado de todos vós.

Recordámosvos que este CHANDAL E O RESTO DE EQUIPAMENTOS NON SUBSTITÚEN DE NINGÚN XEITO Á ROUPA DEPORTIVA OFICIAL DO COLEXIO E SÓ PODERÁ USARSE PARA ACTIVIDADES DO CLUB.

Aproveitamos a ocasión para enviarvos un afectuoso saúdo e poñernos á vosa disposición.

A XUNTA DIRECTIVA DO CLUB COMPAÑÍA DE MARÍA.

